Quercus robur L., 1753

- carballo común
- roble común, roble pedunculado
- haritz arrunta, haritza
- roure pènol, roure comú
- english oak, common oak
- carvalho alvarinho, carvalho comum, carvalho roble



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | EP | VU | CA | PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fagales**	**Fagaceae**	***Quercus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte arbóreo. Pode acadar entre 30 e 40 metros de atura. Árbore caducifolia. Longa lonxevidade. Codia agrisada, lisa nos primeiros anos, agretada coa idade. Copa ampla, densa e redondeada. Follas caducas de entre 4 e 12 cm, con lóbulos redondeados e pecíolo curto, de cor verde escura na capa superior e pálidas no envés. Flores masculinas en amentos colgantes amarelentos e femininas solitarias ou agrupadas, pequenas e verdosas, floración na primavera. O seu froito son as landras, de forma ovoide e 2-3 cm de longo, sostidas por un pedúnculo longo de 2-8 cm (trazo que lle dá o nome en castelán de “roble pedunculado”), presentan unha cúpula escamosa que cobre aproximadamente a metade superior. Maduración é no outono.

HÁBITAT

Medra en solos profundos, frescos e húmidos, silíceos, con pH ácido ou neutro, aínda que pode tolerar terreos calcarios. Require auga e é sensible as secas prolongadas. Atópase dende o nivel do mar ós 1200 m, principalmente en vales, ladeiras e ribeiras.

DISTRIBUCIÓN

Ampla distribución europea, dende o Atlántico ata o Cáucaso. Na Península Ibérica abunda no norte e noroeste.

CURIOSIDADES

É a árbore autóctona máis emblemática de Galicia. Simboliza forza, lonxevidade e sabedoría. Está presente en moitos topónimos e tradicións galegas.